

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026807	Félix Muriel	Rianxo	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0213	Atención e apoio psicosocial	2022/2023	9	240	288

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DÍAZ MARTÍNEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A diminución de coidadoras informais no ámbito familiar coa incorporación das mulleres ao mundo laboral, derivada das estratexias de igualdade, ha redundar nunha maior empregabilidade das persoas con esta titulación. Neste sentido as medidas establecidas na Lei 39/2006 do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, derivada do aumento de persoas da terceira idade, e outros colectivos de persoas dependentes fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable. Deste xeito o forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observa vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades de apoio psicosocial. Por outra banda, a asistencia para a autonomía persoal, que aparece como sector emerxente, exige profesionais con competencias relacionadas coa función de acompañamento. e xa por último, non podemos esquecer que a progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

Tendo en conta o anterior prevese que as persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica en distintas ocupacións e os postos de traballo salientados como os seguintes:

- Coidador/a de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/a en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/a.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsábel de pranta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Asistente de atención domiciliaria.

Perfil profesional.

O perfil profesional do título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario. Esta competencia xeral está configurada co conxunto de competencias profesionais, persoais e sociais establecidas no currículo, e que o alumnado ten que ter adquiridas ao final da súa formación.

En relación ao módulo de Atención e Apoio Sicosocial as competencias profesionais, persoais e sociais son:

- a) Determinar as necesidades asistenciais e psicosociais da persoa en situación de dependencia mediante a interpretación da información obtida acerca da persoa a través do plan de atención individual, respectando a súa confidencialidade.
- b) Organizar as actividades de atención ás persoas en situación de dependencia, favorecendo a súa colaboración e a da familia, e tendo en conta as directrices establecidas no plan de atención individualizada.
- i) Aplicar medidas de prevención e seguridade tanto para as persoas en situación de dependencia como para o persoal profesional, en distintos ámbitos de intervención.

- k) Pór en práctica intervencións de apoio psicosocial, empregando axudas técnicas, apoios de comunicación e tecnoloxías da información e da comunicación, e seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual.
- l) Aplicar técnicas e estratexias para o mantemento e o desenvolvemento das habilidades de autonomía persoal e social das persoas en situación de dependencia, empregando axudas técnicas e de comunicación consonte as pautas marcadas no plan de atención individual.
- m) Realizar tarefas de acompañamento e asistencia persoal, respectando as directrices do plan individual de vida independente e as decisións da persoa usuaria.
- n) Asesorar as persoas en situación de dependencia, as familiares e o persoal coidador non formal, proporcionándolles pautas de actuación no coidado e na atención asistencial e psicosocial, e adecuando a comunicación e as actitudes ás características das persoas interlocutoras.
- ñ) Resolver as continxencias con iniciativa e autonomía, amosando unha actitude autocrítica e procurando alternativas para favorecer o benestar das persoas en situación de dependencia.
- o) Colaborar no control e no seguimento das actividades asistenciais, psicosociais e de xestión domiciliaria, cubrindo os rexistros oportunos, manexando as aplicacións informáticas do servizo e comunicando as incidencias detectadas.
- r) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con outros profesionais no contorno de traballo.
- s) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e da súa autonomía.
- t) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- v) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

Deste xeito os obxectivos xerais que levan a adquisición de esas competencias profesionais, persoais e sociais son:

- a) Identificar técnicas e instrumentos de observación e rexistro, e selecciónalos en función das características das persoas en situación de dependencia e do plan de atención individualizado, para determinar as súas necesidades asistenciais e psicosociais.
- b) Interpretar as directrices do programa de intervención, adecuándoas ás características e ás necesidades das persoas en situación de dependencia, para organizar as actividades asistenciais e psicosociais.
- j) Identificar factores de risco en relación coas medidas de prevención e seguridade, para aplicar as medidas adecuadas para preservar a integridade das persoas en situación de dependencia e dos propios profesionais.
- l) Analizar estratexias psicolóxicas, rehabilitadoras, ocupacionais e de comunicación, adecuándoas a circunstancias específicas da persoa en situación de dependencia, para realizar intervencións de apoio psicosocial acordes coas directrices do plan de atención individualizado.
- m) Identificar sistemas de apoio á comunicación en relación coas características da persoa, para o desenvolvemento e o mantemento de

habilidades de autonomía persoal e social.

n) Seleccionar axudas técnicas e de comunicación en relación coas posibilidades e as características da persoa en situación de dependencia, para favorecer as habilidades de autonomía persoal e social, e as posibilidades de vida independente.

ñ) Identificar os principios de vida independente en relación coas características da persoa e do contorno, para promover a súa autonomía e participación social.

o) Analizar os elementos críticos do plan individual de vida independente en relación coas decisións de cada persoa, para realizar as tarefas de acompañamento e asistencia persoal.

p) Seleccionar estilos de comunicación e actitudes en relación coas características da persoa interlocutora, para asesorar as persoas en situación de dependencia, as familias e o persoal coidador non formal.

q) Identificar os protocolos de actuación en relación coas continxencias, para as resolver con seguridade e eficacia.

r) Formalizar os instrumentos de control e seguimento, aplicando os protocolos, para colaborar no control e no seguimento nas actividades asistenciais, psicosociais e de xestión.

u) Desenvolver traballos en equipo e valorar a súa organización, participando con tolerancia e respecto, e tomar decisións colectivas ou individuais, para actuar con responsabilidade e autonomía.

v) Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.

w) Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia do proceso.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O modelo biopsicosocial e a avaliación inicial.	Amosaremos a importancia do modelo biopsicosocial para prestar unha atención de calidade ás PSD. Comezando pola recollida de información segundo todas as dimensións da persoa.	30	8
2	Os recursos de apoio psicosocial na nosa comunidade.	Debemos coñecer a oferta de dispositivos, programas e servizos ofertados no noso entorno comunitario. Averiguar a tipoloxía de recursos, as formas de acceso, o tipo de programas e servizos ofertados, o funcionamento xeral, etc.	20	8
3	Organizando o entorno.	Analizaremos como as características dos espazos poden exercer unha grande influencia no benestar das persoas en situación de dependencia, elaborando materiais destinados á promoción da súa autonomía	35	12
4	O acompañamento das persoas en situación de dependencia.	Analizaremos aquelas intervencións de apoio psicosocial dirixidas ao acompañamento (a usuaria e/ou familia) na resolución de xestións. Atinxiremos todo o proceso, desde a detección de necesidades até a avaliación e seguimento da intervención.	33	12
5	O apoio na relación social e nas habilidades sociais.	Aplicaremos técnicas e estratexias de apoio que favorezan a relación social en distintos colectivos de atención.	45	15
6	O mantemento e mellora das habilidades cognitivas.	Aprenderemos a utilizar técnicas para manter ou mellorar as habilidades cognitivas das persoas en situación de dependencia.	45	15
7	O apoio no lecer e tempo libre.	Coñeceremos as técnicas básicas de animación e dinamización de actividades de lecer, os recursos comunitarios e os materiais lúdicos ao dispor das persoas usuarias, etc.	45	15
8	Coidando	Esta unidade permitiranos tomar conciencia da relevancia do coidado non formal nos procesos de atención. Asemade, farase fincapé no noso papel como profesionais para a mellora da calidade de vida de coidadoras e coidadores.	20	8
9	Avaliamos	Esta unidade amósanos a importancia do seguimento, dos protocolos e da avaliación para mellorar as nosas intervencións	15	7

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O modelo biopsicosocial e a avaliación inicial.	30

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona estratexias de apoio psicosocial e habilidades de relación social, para o que analiza as necesidades e as características das persoas en situación de dependencia.	NO
RA7 - Valora o seguimento das intervencións e das actividades, tendo en conta a relación entre a información extraída de diversas fontes, e os instrumentos e os protocolos de avaliación.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Analizáronse os criterios e as estratexias para organizar a intervención referida ao apoio psicosocial ás persoas en situación de dependencia e a creación de novas relacións.
CA7.1 Identifícanse as fontes de información implicadas na atención psicosocial da persoa en situación de dependencia.
CA7.2 Definíronse os instrumentos de recollida de información para o seu uso no proceso de avaliación da intervención e valoración da persoa en situación de dependencia.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Análise de estratexias que favorezan a relación social nas persoas en situación de dependencia. Técnicas para favorecer a relación social. Actividades de acompañamento e de relación social, individual e grupal Actividades de acompañamento e relación social, individual e grupal
Tivéronse en conta aspectos relacionados coa ética profesional (confidencialidade, valoración obxectiva, as persoas no centro da intervención....)
Identificación dos instrumentos de recollida de información: cuestionarios, entrevistas, observacións, etc.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Os recursos de apoio psicosocial na nosa comunidade.	20

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Prepara información para as persoas coidadoras non formais, tendo en conta a relación entre as súas demandas e necesidades, e os recursos comunitarios.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Defíníronse os recursos comunitarios dirixidos a persoas en situación de dependencia.
CA6.2 Elaborouse un ficheiro de recursos de apoio social, ocupacional, de lecer e tempo libre, e de prestacións económicas.
CA6.3 Identifícaronse as vías de acceso e as xestións necesarias para que o persoal coidador informal solicite as prestacións máis frecuentes.
CA6.4 Identifícaronse formatos e modelos de solicitude de axudas, prestacións e servizos.
CA6.5 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para localizar recursos comunitarios.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Recursos sociais e comunitarios para as persoas en situación de dependencia: información e análise dos recursos sociais.
Confección dun ficheiro de recursos de apoio social, ocupacional, e de lecer e tempo libre. Estratexias de procura de recursos existentes na zona.
Identificación e formalización de solicitudes de prestación de servizos de apoio social e comunitario que oriente as familias e as persoas en situación de dependencia. Casos prácticos.
Uso das novas tecnoloxías para localización de recursos e a formalización de solicitudes.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Organizando o entorno.	35

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza a área onde desenvolve o seu labor, tendo en conta a relación entre as necesidades psicosociais das persoas en situación de dependencia e as características da institución ou do domicilio.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características organizativas e funcionais da institución ou do domicilio que incidan na situación psicosocial das persoas en situación de dependencia.
CA1.1.1 Identifica as barreiras arquitectónicas e elementos limitadores da accesibilidade dos espazos.
CA1.1.2 Identifica distintas técnicas que contribuen a crear un ambiente agradable e socializador (cores, sons, olores, iluminacións...)
CA1.2 Descríbense os factores ambientais e os elementos espaciais e materiais que inciden na relación social.
CA1.2.1 Describe os factores ambientais que inciden na relación social.
CA1.2.2 Describe elementos espaciais e materiais que inciden na relación social.
CA1.3 Respectáronse as orientacións recibidas, as necesidades e as características das persoas, os seus costumes e os seus gustos, así como as normas de seguridade e hixiene no mantemento dos espazos e da moblaxe.
CA1.3.1 Respectaranse as orientacións recibidas.
CA1.3.2 Respectaranse as necesidades e características das persoas, costumes e gustos.
CA1.3.3 Respectaranse as normas de seguridade e hixiene no mantemento de espazos e da moblaxe.
CA1.4 Oriéntase a persoa usuaria e o persoal coidador informal sobre os espazos e os materiais para favorecer o desenvolvemento autónomo, a comunicación e a convivencia das persoas en situación de dependencia.
CA1.4.1 Oriéntase á persoa usuaria e ao persoal coidador informal sobre espazos e materiais que favorecen o desenvolvemento autónomo.
CA1.4.2 Oriéntase á persoa usuaria e ao persoal coidador informal sobre os espazos e materiais para favorecer o desenvolvemento da comunicación e a convivencia das persoas en situación de dependencia.
CA1.5 Decoráronse os espazos en función das necesidades da persoa en situación de dependencia, así como do calendario, o ámbito cultural e o programa de actividades da institución.
CA1.6 Confeccionáronse os elementos de sinalización e simbolización para organizar os materiais e os utensilios dunha aula-obradoiro ou dun domicilio, e deste xeito facilitar a autonomía da persoa en situación de dependencia.
CA1.6.1 Confeccionanse elementos de sinalización para organizar materiais e utensilios no domicilio que facilitan a autonomía da persoa.
CA1.6.2 Confeccionanse elementos de sinalización e simbolización para organizar os materiais e os utensilios dunha aula obradoiro.
CA1.7 Xustifícanse as vantaxes de organizar o espazo de cara á mellora da calidade de vida das persoas en situación de dependencia.
CA1.8 Amosouse iniciativa na organización do espazo de intervención dentro da institución ou do domicilio.

**4.3.e) Contidos**



**Contidos**

Factores ambientais na relación social: adaptación á institución e ao domicilio das persoas en situación de dependencia

Acceso universal e deseño para todas as persoas (CA.1.1)

Mantemento de espazos e moblaxe.

Mantemento de axudas técnicas e materiais para a realización de actividades

Productos de apoio

(CA 1.3.3.) Mantemento e revisión de produtos de apoio.

Organización de espazos de acordo coas necesidades da persoa ou das persoas que os usan

Análise dos espazos para favorecer a autonomía, a comunicación e a convivencia. Distribución e presentación de elementos espaciais e materiais.

Confección de elementos decorativos e ambientais. Elementos de sinalización e simbolización para organizar materiais e efectos.

Simbolos e iconografía.

Ambientación do espazo, tendo en conta a época, a funcionalidade, etc.

Iniciativa e creatividade na ambientación de espazos. Utilización das novas tecnoloxías na ambientación de espazos

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	O acompañamento das persoas en situación de dependencia.	33

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Caracteriza as técnicas de acompañamento para actividades de relación social e de xestión da vida cotiá, tendo en conta a relación entre os recursos comunitarios e as necesidades das persoas en situación de dependencia.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Obtívose información do equipo interdisciplinar para identificar as necesidades de acompañamento da persoa en situación de dependencia.
CA4.2 Identifícaronse as actividades de acompañamento que cumpra facer, tanto nunha institución como no domicilio, respectando os dereitos das persoas implicadas.
CA4.3 Selecciónanse criterios e estratexias que favorezan a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia nas situacións de acompañamento.
CA4.4 Adaptáronse os recursos comunitarios das persoas en situación de dependencia ao acompañamento para o lecer e o acceso aos recursos, de acordo coas súas características e cos intereses persoais.
CA4.5 Rexistrouse o desenvolvemento das actividades de acompañamento, así como as incidencias xurdidas durante estas.
CA4.6 Respectáronse os intereses das persoas en situación de dependencia na realización de actividades de lecer e tempo libre.
CA4.7 o respecto ás directrices, ás orientacións e aos protocolos establecidos nas tarefas de acompañamento.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Identificación das necesidades de acompañamento: concepto de acompañamento das persoas en situación de dependencia na institución ou no domicilio.
Tipos de xestión persoal en que se requira acompañamento: áreas de intervención; estratexias de actuación, límites e deontoloxía.
Funcións e papel do persoal profesional no acompañamento na institución e no domicilio.
Adecuación do acompañamento ás necesidades e ás características das persoas usuarias.
Acompañamento en situacións de lecer e tempo libre: actividades ao aire libre, culturais, sociais e da comunidade.
Rexistro das actividades de acompañamento. Xestión e seguimento. Procedemento de rexistro da documentación persoal.
Consideración das orientacións e os protocolos establecidos na xestión persoal e relacional.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O apoio na relación social e nas habilidades sociais.	45

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona estratexias de apoio psicosocial e habilidades de relación social, para o que analiza as necesidades e as características das persoas en situación de dependencia.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as características e as necesidades fundamentais das relacións sociais das persoas en situación de dependencia.
CA2.1.1 Describe características e necesidades fundamentais nas relacións sociais nas persoas maiores
CA2.1.2 Describe características e necesidades fundamentais nas relacións sociais en persoas con diversidade funcional.
CA2.1.3 Describe características e necesidades fundamentais nas relacións sociais en persoas doentes.
CA2.3 Identifícanse os recursos, os medios, as técnicas e as estratexias de apoio e desenvolvemento das habilidades sociais das persoas en situación de dependencia.
CA2.3.1 Identifica os recursos do entorno favorecedores de relacións sociais.
CA2.3.2 Identifica e nomea tecnicas de adestramento e desenvolvemento de habilidades sociais.
CA2.4 Seleccionáronse os medios e os recursos expresivos e comunicativos que favorezan o mantemento das capacidades relacionais das persoas en situación de dependencia.
CA2.5 Seleccionáronse técnicas e estratexias de apoio para colaborar no mantemento e no desenvolvemento de habilidades sociais adaptadas ás situacións cotiás.
CA2.6 Aplicáronse as tecnoloxías de información e da comunicación para o mantemento da relación social co medio.
CA2.7 Aplicáronse técnicas de modificación de conduta e de resolución de conflitos para a atención social a persoas con necesidades especiais.
CA2.8 Xustificouse a necesidade de respectar as pautas de comunicación e o uso das habilidades de relación social de cada persoa usuaria.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Relacións sociais nas persoas en situación de dependencia: características.
Análise de estratexias que favorezan a relación social nas persoas en situación de dependencia. Técnicas para favorecer a relación social. Actividades de acompañamento e de relación social, individual e grupal Estratexias que favorecen a relación social das persoas en situación de dependencia. Técnicas que favorecen a relación social.
Habilidades sociais na persoa en situación de dependencia: factores; dificultades As habilidades sociais: factores que inciden no seu desenvolvemento e dificultades nas persoas en situación de dependencia.
Determinación de recursos expresivos para favorecer o mantemento das capacidades de relación. Aplicacións das novas tecnoloxías, asociacionismo, recursos do contorno e vías de acceso a elas

Contidos

Apoios técnicos e tecnolóxicos para favorecer e manter relacións sociais.

Recursos do entorno comunitario que favorecen as relacións: comunidade, asociacionismo...

Aplicación de técnicas e estratexias para o desenvolvemento de habilidades sociais: exercicios de adestramento en habilidades sociais

Solución de conflitos na atención domiciliar e institucional: procedementos e estratexias para a resolución de conflitos.

Novas tecnoloxías da información e a comunicación na relación social

Novas formas de relacións. Redes sociais.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	O mantemento e mellora das habilidades cognitivas.	45

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona, en función das súas características e do plan de intervención establecido, e aplica técnicas e exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional coas persoas en situación de dependencia.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbóronse as características específicas da motivación e da aprendizaxe das persoas maiores, discapacitadas e enfermas.
CA3.2 Identifícanse estratexias de intervención adecuadas á realización de exercicios e actividades dirixidas ao mantemento e á mellora das capacidades cognitivas.
CA3.3 Aplicáronse as actividades rehabilitadoras e de mantemento cognitivo adaptadas ás necesidades específicas das persoas usuarias e á programación.
CA3.4 Utilizáronse materiais, con iniciativa e creatividade, para a realización de actividades e exercicios dirixidos ao mantemento e á mellora das capacidades cognitivas.
CA3.5 Realizáronse as actividades para o mantemento e a mellora da autonomía persoal.
CA3.6 Colaborouse coa persoa en situación de dependencia na realización dos exercicios de mantemento e adestramento cognitivo.
CA3.7 Respectáronse as limitacións das persoas en situación de dependencia, non só físicas senón tamén culturais, á hora de realizar as actividades e os exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional.
CA3.8 Aplicáronse técnicas de motivación para persoas en situación de dependencia na planificación dos exercicios e as actividades de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Caracterización da motivación e a aprendizaxe nas persoas anciás, discapacitadas e enfermas.
Exercicios e actividades de estimulación cognitiva (memoria, atención, orientación espacial, temporal e persoal, e razoamento) en situacións cotiás do domicilio e nunha institución social.
Análise da aplicación de actividades rehabilitadoras e de mantemento cognitivo. Elaboración de estratexias de intervención.
Deseño e utilización de materiais para a rehabilitación cognitiva
Realización de actividades de mantemento e mellora da autonomía persoal na vida diaria: técnicas, procedementos e estratexias de intervención.
Importancia da atención psicosocial no traballo con persoas en situación de dependencia.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	O apoio no lecer e tempo libre.	45

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Describe estratexias e técnicas de animación grupal na institución, para o que analiza as necesidades das persoas en situación de dependencia.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Definíronse as técnicas de animación para dinamizar as actividades de lecer das persoas en situación de dependencia.
CA5.2 Descríbóronse as estratexias de animación e motivación que potencien a participación nas actividades que se realizan nunha institución concreta.
CA5.3 Selecciónanse recursos específicos de lecer adecuados ás persoas en situación de dependencia.
CA5.4 Analizáronse os materiais de carácter lúdico adecuados ás persoas usuarias, e determináronse as súas características e as súas utilidades.
CA5.5 Descríbóronse actividades de lecer e tempo libre, dentro e fóra da institución, tendo en conta as necesidades das persoas usuarias.
CA5.6 Dispúxose o mantemento e o control dos recursos de lecer e culturais dentro da institución.
CA5.7 Fíxéronse propostas creativas no deseño de actividades de animación e eventos especiais na institución.
CA5.8 Xustificouse o respecto polos intereses das persoas usuarias e os principios de autodeterminación da persoa dependente á hora de ocupar o seu tempo libre e participar en actividades de animación de lecer e tempo libre.
<a href="#">CA5.9 Analiza as necesidades das persoas en situación de dependencia</a>
<a href="#">0CA5.10 Selecciona tecnicas de animación grupal axustadas ás necesidades das persoas en situación de dependencia</a>

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Técnicas de animación destinadas ás persoas en situación de dependencia: persoas maiores, discapacitadas e enfermas.
Motivación e dinamización de actividades: estratexias para motivar; organización e desenvolvemento.
Desenvolvemento de recursos de lecer e tempo libre: modalidades. Festas, eventos especiais e xogos.
Recursos lúdicos para persoas en situación de dependencia: características e utilidades. Festas, eventos especiais e xogos; cultura e folclore; natureza; deportes; obradoiros.
Innovación en recursos de lecer e tempo libre. Materiais lúdicos: tipos, características e utilidades.
Actividades de animación, lecer e tempo libre: proposta de actuación.
Mantemento, control e préstamo de recursos: bibliotecas e videotecas
Respecto polos intereses das persoas usuarias.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Coidando	20

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Prepara información para as persoas coidadoras non formais, tendo en conta a relación entre as súas demandas e necesidades, e os recursos comunitarios.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.6 Xustificouse o establecemento de relacións coas familias e o persoal que se encargue das persoas usuarias.
CA6.7 Expresouse adecuadamente no proceso de comunicación coas familias e co persoal coidador non formal.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Descrición das necesidades de apoio individual ou orientación familiar na autonomía persoal para as actividades da vida diaria.
Apoio durante o período de adaptación ás institucións: estratexias de intervención.
Valoración do establecemento de relacións fluídas coa familia e da comunicación adecuada.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Avaliamos	15

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Valora o seguimento das intervencións e das actividades, tendo en conta a relación entre a información extraída de diversas fontes, e os instrumentos e os protocolos de avaliación.	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA7.3 Formalizáronse os protocolos específicos de cada intervención e do proceso de avaliación, tanto no domicilio como na institución.
CA7.4 Aplicáronse instrumentos de rexistro e transmisión das observacións realizadas no desenvolvemento das actividades.
CA7.5 Valorouse a importancia dos procesos de avaliación no desenvolvemento do seu labor profesional.
CA7.6 Xustificouse a importancia da transmisión da información ao equipo interdisciplinar.
CA7.7 Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.
CA7.8 Tivéronse en conta aspectos relacionados coa ética profesional (confidencialidade, valoración obxectiva, as persoas no centro da intervención....)

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Formalización de protocolos específicos para un servizo de axuda a domicilio ou ben para unha institución social, servizo de apoio a mobilidade, comedor sobre rodas, etc.
Obtención de información das persoas en situación de dependencia, e do seu persoal cuidador non formal: aplicación de cuestionarios, follas de observación, entrevistas, etc.
Aplicación de instrumentos de rexistro e transmisión da información. Procedemento de rexistro da documentación persoal na unidade de convivencia
Valoración da transmisión de información.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente modulo evidenciarán a consecución de todos os Resultados de Aprendizaxe dun xeito equilibrado. Así mesmo, dado que se trata de ensinanzas presenciais o/a alumno/a deberá asistir regularmente ás actividades programadas, considerándose como Perda de Avaliación continua cando o nº de faltas supere o 10% da duración do módulo, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011. (DOG nº136/2011 do 15 de xullo). Acordase engadir un 5% de faltas xustificadas.

Os mínimos exigibles estan explicitados en cada unidade didáctica e serán a referencia para configurar as probas de recuperación das partes non superadas, así como a proba de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua e guiarán o procedemento de avaliación ordinario do módulo.

Unidades Didácticas e mínimos exigibles:

RA1. Organiza a área onde desenvolve o seu labor, tendo en conta a relación entre as necesidades psicosociais das persoas en situación de dependencia e as características da institución ou do domicilio.

-CA1.3. Respectáronse as orientacións recibidas, as necesidades e as características das persoas, os seus costumes e os seus gustos, así como as normas de seguridade e hixiene no mantemento dos espazos e da moblaxe.

-CA1.4. Orientouse a persoa usuaria e o persoal cuidador informal sobre os espazos e os materiais para favorecer o desenvolvemento autónomo, a comunicación e a convivencia das persoas en situación de dependencia.

-CA1.5. Decoráronse os espazos en función das necesidades da persoa en situación de dependencia, así como do calendario, o ámbito cultural e o programa de actividades da institución.

-CA1.6. Confeccionáronse os elementos de sinalización e simbolización para organizar os materiais e os utensilios dunha aula-obradoiro ou dun domicilio, e deste xeito facilitar a autonomía da persoa en situación de dependencia.

-CA1.7. Xustificáronse as vantaxes de organizar o espazo de cara á mellora da calidade de vida das persoas en situación de dependencia.

-CA1.8. Amosouse iniciativa na organización do espazo de intervención dentro da institución ou do domicilio.

RA2. Selecciona estratexias de apoio psicosocial e habilidades de relación social, para o que analiza as necesidades e as características das persoas en situación de dependencia.

-CA2.4. Seleccionáronse os medios e os recursos expresivos e comunicativos que favorezan o mantemento das capacidades relacionais das persoas en situación de dependencia.

-CA2.5. Seleccionáronse técnicas e estratexias de apoio para colaborar no mantemento e no desenvolvemento de habilidades sociais adaptadas ás situacións cotiás.

-CA2.6. Aplicáronse as tecnoloxías de información e da comunicación para o mantemento da relación social co medio.

-CA2.7. Aplicáronse técnicas de modificación de conduta e de resolución de conflitos para a atención social a persoas con necesidades especiais.

-CA2.8. Xustificouse a necesidade de respectar as pautas de comunicación e o uso das habilidades de relación social de cada persoa usuaria.

RA3. Selecciona, en función das súas características e do plan de intervención establecido, e aplica técnicas e exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional coas persoas en situación de dependencia.

- CA3.3. Aplicáronse as actividades rehabilitadoras e de mantemento cognitivo adaptadas ás necesidades específicas das persoas usuarias e á programación.
- CA3.4. Utilizáronse materiais, con iniciativa e creatividade, para a realización de actividades e exercicios dirixidos ao mantemento e á mellora das capacidades cognitivas.
- CA3.5. Realizáronse as actividades para o mantemento e a mellora da autonomía persoal.
- CA3.6. Colaborouse coa persoa en situación de dependencia na realización dos exercicios de mantemento e adestramento cognitivo.
- CA3.7. Respectáronse as limitacións das persoas en situación de dependencia, non só físicas senón tamén culturais, á hora de realizar as actividades e os exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional.
- CA3.8. Aplicáronse técnicas de motivación para persoas en situación de dependencia na planificación dos exercicios e as actividades de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional.

RA4. Caracteriza as técnicas de acompañamento para actividades de relación social e de xestión da vida cotiá, tendo en conta a relación entre os recursos comunitarios e as necesidades das persoas en situación de dependencia.

- CA4.3. Seleccionáronse criterios e estratexias que favorezan a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia nas situacións de acompañamento.
- CA4.4. Adaptáronse os recursos comunitarios das persoas en situación de dependencia ao acompañamento para o lecer e o acceso aos recursos, de acordo coas súas características e cos intereses persoais.
- CA4.5. Rexistrouse o desenvolvemento das actividades de acompañamento, así como as incidencias xurdidas durante estas.
- CA4.6. Respectáronse os intereses das persoas en situación de dependencia na realización de actividades de lecer e tempo libre.
- CA4.7. Valorouse o respecto ás directrices, ás orientacións e aos protocolos establecidos nas tarefas de acompañamento.

RA5. Describe estratexias e técnicas de animación grupal na institución, para o que analiza as necesidades das persoas en situación de dependencia.

- CA5.3. Seleccionáronse recursos específicos de lecer adecuados ás persoas en situación de dependencia.
- CA5.4. Analizáronse os materiais de carácter lúdico adecuados ás persoas usuarias, e determináronse as súas características e as súas utilidades..
- CA5.6. Dispúxose o mantemento e o control dos recursos de lecer e culturais dentro da institución.
- CA5.7. Fixéronse propostas creativas no deseño de actividades de animación e eventos especiais na institución.
- CA5.8. Xustificouse o respecto polos intereses das persoas usuarias e os principios de autodeterminación da persoa dependente á hora de ocupar o seu tempo libre e participar en actividades de animación de lecer e tempo libre.

RA6. Prepara información para as persoas coidadoras non formais, tendo en conta a relación entre as súas demandas e necesidades, e os recursos comunitarios.

- CA6.1. Definíronse os recursos comunitarios dirixidos a persoas en situación de dependencia.
- CA6.2. Elaborouse un ficheiro de recursos de apoio social, ocupacional, de lecer e tempo libre, e de prestacións económicas.
- CA6.3. Identificáronse as vías de acceso e as xestións necesarias para que o persoal coidador informal solicite as prestacións máis frecuentes.
- CA6.4. Identificáronse formatos e modelos de solicitude de axudas, prestacións e servizos.
- CA6.5. Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para localizar recursos comunitarios.
- CA6.6. Xustificouse o establecemento de relacións coas familias e o persoal que se encargue das persoas usuarias.
- CA6.7. Expresouse adecuadamente no proceso de comunicación coas familias e co persoal coidador non formal.

RA7. Valora o seguimento das intervencións e das actividades, tendo en conta a relación entre a información extraída de diversas fontes, e os instrumentos e os protocolos de avaliación.

- CA7.1. Identifícanse as fontes de información implicadas na atención psicosocial da persoa en situación de dependencia.
- CA7.2. Definíronse os instrumentos de recollida de información para o seu uso no proceso de avaliación da intervención e valoración da persoa en situación de dependencia.
- CA7.3. Formalizáronse os protocolos específicos de cada intervención e do proceso de avaliación, tanto no domicilio como na institución.
- CA7.4. Aplícanse instrumentos de rexistro e transmisión das observacións realizadas no desenvolvemento das actividades.
- CA7.5. Valorouse a importancia dos procesos de avaliación no desenvolvemento do seu labor profesional.
- CA7.6. Xustificouse a importancia da transmisión da información ao equipo interdisciplinar.
- CA7.7. Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.

Os criterios de avaliación incluídos nos propios resultados de aprendizaxe figuran en cada unidade de traballo, e asemade tomando como referencia as actividades de ensino e aprendizaxe, guíase ao alumnado no xeito máis idóneo para que poidan saber como deben evidenciar os seus coñecementos, destrezas e actitudes para acadar a avaliación positiva .

Para aprobar o módulo o alumando deberá superar todas as UD que o compoñen, para iso, necesariamente deberá superar todos e cada un dos criterios de avaliación (aparecen recollidos en cada unha das unidades didácticas) establecidos como mínimos esixibles nesta programación.

A avaliación levarase a cabo tal como está prevista na programación, tendo en conta o peso que cada un dos CAS ten nas unidades didácticas e a través dos instrumentos de avaliación establecidos para cada un deles.

Para a cualificación das unidades didácticas, cada CA que a compón será cualificado entre 1 e 10, consideráanse superado cando a cualificación obtida sexa igual ou superior a 5. Os CAs non considerados como "mínimos esixibles", poderan obter unha cualificación menor de 5. Os CAs serán avaliados mediante os instrumentos sinalados nesta programación (probos escritas, listas de cotexo,...=

A cualificación dos CAs superados, (e a dos non superados non considerados "mínimos esixibles"), será ponderada polo peso que dito CA ten no conxunto da UD. O resultado da suma destes CAs ponderados, será a cualificación final da UD. Para calcular a cualificación final da UD, os CAs (considerados como "mínimos esixibles") non superados, deberán ser recuperados. Os CAs que non son mínimos non teñen porque recuperarse. A Cualificación final da UD realizarase tendo en conta a cualificación dos CAs superados, (e a dos non superados non considerados "mínimos esixibles"), será ponderada polo peso que dito CA ten no conxunto da UD. O resultado da suma destes CAs ponderados, será a cualificación final da UD.

Unha unidade considérase superada, cando todos os CAs que a compoñen (agás os non considerados como "mínimos esixibles") sexan cualificados con 5 ou máis de 5. E a suma de todos os CAs da UD unha vez ponderados polo seu peso de polo menos 5.

#### 5.b. Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

##### Cualificación trimestral

A cualificación trimestral será numérica, entre un e dez, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións sempre e cando se superen positivamente aqueles criterios de avaliación establecidos como mínimos esixibles en cada unidade e a suma das notas ponderadas de todos os CAs sexan como mínimo 5.

A cualificación trimestral será a resultante da suma ponderada das notas acadadas en cada unidade, obtidas á súa vez da suma das notas do/a alumno/a nas tarefas da mesma, unha vez aplicadas as correspondentes porcentaxes en función do peso dos criterios de avaliación dentro de cada unidade didáctica, sexan esixibles ou non.

##### Cualificación final

A nota final da alumna, que supere os criterios de avaliación establecidos como mínimos esixibles, obterase coa suma ponderada da nota obtida en cada unidade didáctica, incluídos os CAs mínimos non esixibles.

A cualificación final do módulo será o resultado da suma das cualificacións de ditas unidades, unha vez ponderadas polo peso que cada unidade ten no conxunto do módulo

Nas tarefas realizadas en grupo é posible que os membros do grupo non reciban a mesma nota nos CAs avaliados a través da mesma. Pois terase en conta a implicación na realización da tarefa.

Indicar tamén que naquelas tarefas nas que o docente teña constancia de que o/a alumnado/a copiou documentos, webs, ou traballos de compañeiros/as poderán non ser superadas.

A continuación indícanse brevemente algúns dos instrumentos de avaliación utilizados para avaliar as correspondentes tarefas:

-Táboas de observación, con indicadores do logro ou do proceso que se quere avaliar. En función do tipo de escala que se use para valorar os indicadores empregaranse: escalas de valoración ou listas de cotexo, de control ou de comprobación. As táboas de observación utilizaranse tamén para a observación indirecta a partir dun rexistro documental .

-Táboas de indicadores asociados para a avaliación de documentos de estrutura variable en forma de probas escritas como: informes, traballos de investigación, exames, cuestionarios, exercicios, supostos prácticos, realización de gráficos e esquemas, mapas conceptuais, infografías, ficheiros, probas orais. O rexistro anecdótico elaborado polo profesorado mentres o alumnado realiza a actividade.

Ao alumnado indícaránselle en cada unidade, os parámetros que se avalían e o grao de consecución estándar que deberá amosar, xunto cos aspectos mais relevantes nos que fixarse, constituíndo esta acción unha guía para o alumnado en cada unidade didáctica.

Os criterios comúns a ter en conta durante todo o curso son:

Actuación do alumnado no desenvolvemento dos talleres:

- Manexo de materiais e instrumentos (ordenación e observación das normas de uso), orientación no mesmo.
- Recollida de materiais e da aula.
- Observación das normas de seguridade e hixiene (limpeza, colocación e orde do material).
- Respecto aos tempos establecidos, aportación de material, disciplina no traballo, ritmo de elaboración e actitude no traballo.

Actuación do alumnado nas actividades individuais. Para a súa valoración se terán en conta os criterios específicos indicados pola profesora en cada momento; en todo caso os criterios comúns durante o cursos serán:

- Presentación do traballo,
- Concordancia dos obxectivos do traballo,
- Adecuación do traballo o tempo previsto,
- Calidade no acabado,
- Dominio da técnica,
- Orixinalidade e creatividade,
- Adaptación ao entorno de traballo,
- Elección axeitada dos materiais.

Traballos de grupo. Valorarase:

- Material aportado polo alumnado,
- Elaboración do tema e organización (adecuación dos obxectivos ao traballo, relación entre as diferentes partes, nivel de comprensión no contido desenvolvido, análise e síntese, exactitude dos datos e conceptos, expresión escrita e ritmo de elaboración),
- Análise crítico,
- Bibliografía/Webgrafía consultada
- Presentación e estilo,

- Actitude ante o traballo,
  - Aplicación dos contidos teóricos,
  - Coordinación na actuación dos membros do grupo e participación dos diferentes membros no desenvolvemento do traballo, así como na súa presentación ante os compañeiros e compañeiras, no caso de que a profesora así o requira.
- Nos traballos en grupo todos os membros do equipo deberán coñecer todas as partes do traballo entregado .

Queda a criterio da profesora calificar aos distintos membros dun equipo de traballo cunha nota diferente, se estima que a súa participación e aproveitamento é diferente en algún caso.

Exposicións. Valorarase

- Volume e vocalización.
- Postura corporal, linguaxe non verbal e verbal.
- Nivel de comprensión (ordenación, claridade e corrección da exposición, síntesis e análise dos contidos expostos),
- Emprego de diferentes recursos e exemplos,
- Expresión dos contidos, presentación e realización do resumo da exposición e capacidade de resposta no turno de preguntas.

Debates ou coloquios. Valorarase:

- Intervencións (grado de participación),
- Opinións (reflexionadas, e con datos exactos),
- Actitude de respecto fronte a opinión dos compañeiros e compañeiras
- Capacidade de síntese e sentido crítico ante a información.

Probas escritas. Valorarase:

- Nivel de comprensión,
- Exposición dos coñecementos,
- Corrección na aplicación da teoría aos exercicios prácticos,
- Emprego dun linguaxe claro e preciso,
- Capacidade de valorar suizos (xustificando as afirmacións desenvolvendo unha actitude crítica),
- Capacidade de relacionar conceptos, técnicas e materiais (analizando semellanzas e diferencias), e capacidade de análise e síntese.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para superar os CAs considerados como "mínimos esixibles", o alumnado deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5 nos instrumentos de avaliación previstos para estes CAs. No caso de obter unha cualificación inferior, os CAs consideraranse non superados, e deberán ser recuperados.

A recuperación dos CAs non superados realizarase tendo en conta as seguintes consideracións:

- No caso de non superar as probas escritas previstas para cada CA, o alumno/a deberá realizar unha nova proba, relacionada cos criterios de avaliación non superados.
- No caso de non obter cualificacións positivas nos CAs avaliados mediante outros instrumentos (táboas de indicadores, ...) o alumno/a deberá repetir a elaboración (traballo documental, ...) sobre a que se aplica dito instrumento ou realizar outra elaboración similar, relacionada co criterio de avaliación correspondente.

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo. Tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado que perda o dereito a avaliación continua por razón de inasistencia reiterada, non poderá facer uso dos instrumentos de avaliación inicialmente previstos, pero terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo correspondente (art. 25).

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua será do 10 % respecto a duración total do módulo. Dado que o módulo ten unha duración de 240 horas anuais, o número máximo de faltas admisible será de 29 horas (non xustificadas, ). Superado este límite poderá seguir asistindo á aula, pero unicamente será valorado/a na proba extraordinaria.

O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

### PROBA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA PARA O ALUMNADO QUE PERDESE O DEREITO A AVALIACIÓN:

Tal e como indica o artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011, O alumnado que perdesen o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente.

A proba de avaliación extraordinaria constará de 2 partes que poden ser desenvoltas en diferentes días:

1ª parte da proba: proba escrita. Poderá incluír cuestións de diferente tipo de resposta: de elección, de resposta corta e/ou de desenvolvemento de cuestións relacionadas coas competencias do módulo.

A duración máxima desta proba será de 2 horas. Para superar esta proba é requisito imprescindible superar a parte correspondente a cada unidade didáctica, cunha nota mínima de 5, do contrario a proba considerarase non superada.

2ª parte da proba: proba escrita de carácter práctico, que consistirá na realización dun suposto práctico. A duración máxima desta proba será de 1 hora.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 en cada unha das partes, non existindo a posibilidade de facer media entre ambas probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Orde do 12 de xullo de 2011, de avaliación, no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso.

Este seguimento da programación será desenvolto a través da aplicación informática establecida a tal efecto pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, tal e como determina a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023, que establece que "os centros deberán utilizar para a elaboración e o seguimento das programacións dos módulos profesionais dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación, a aplicación informática web de programacións".

A final de curso elaborárase e entregárase unha memoria final de curso segundo o modelo establecido, na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

Avaliación da propia práctica docente:

Ao finalizar cada trimestre realizarase unha avaliación co alumnado para que poidan dar a súa opinión sobre o módulo, a metodoloxía e aportar melloras á práctica docente.

Ademais, esta avaliación será levada a cabo coa axuda do rexistro de aula e as avaliacións periódicas feitas co alumnado. Tratando de recoller información relativa ás estratexias utilizadas para captar e manter o interese ante os contidos é dicir, a metodoloxía utilizada para fomentar a súa participación, a súa motivación.. así como, os tempos e outros recursos utilizados, adaptación aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, contidos, organización, actividades, grado de satisfacción, clima de aula...

As reunións cos membros do departamento serán tamén de axuda para a avaliación da práctica docente, na posta en común de aspectos metodolóxicos e de avaliación.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.
- Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Como profesora do módulo de Atención e Apoio Sicosocial, adicarei os primeiros días de aulas á observación e rexistro das circunstancias que poidan resultar importantes, co obxecto de poder detectar calquera dificultade que poida ter o alumnado e que sexa susceptible de ser abordada na sesión .

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A diversidade forma parte da educación tendo en conta que cada alumndo ou alumna ten as súas propias particularidades. Estas diferencias poden deberse a diversos factores, como son as motivacións, os intereses, a situación social ou persoal, o entorno cultural, polo que podemos afirmar que o normal é a diversidade, e ésta brindanos a oportunidade de revisar as nosas prácticas educativas tendo en conta catro principios fundamentais:

1. As dificultades non son un problema senón un reto para mellorar as prácticas educativas.
2. Calquera alumna ou alumno pode experimentar dificultades nun contexto educativo.
3. Os cambios ofrecen melloras de aprendizaxe para todo o alumnado.
4. O profesorado debe sentirse apoiado cando intenta cambiar unha práctica, xa que identificar as necesidades e tentar subsanarlas é a base dunha práctica educativa orientada á atención á diversidade.

A I LOM LOE (derogada a LOMCE) expón que :

-Nos estudos de FP prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Polo tanto o profesorado deberá atender a aquel alumno ou alumna que requira unha atención diferente á ordinaria, xa sexa por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por calquera outra condición persoal que obtaculice ou poda obtaculizar o maior desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e en todo caso, dos obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

A LOM LOE, (derogada a LOMCE) no seu artigo 71.3 establece que a atención integral ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo iniciárase dende o primeiro momento en que dita necesidade sexa identificada e rexirase polos principios de normalización e inclusión.

Tendo en conta o anterior e a situación extraordinaria que estamos a vivir, se fose obrigada a suspensión das clases presenciais o plantexamento curricular é aberto e flexible, o que implica que a programación prevee adaptacións especificamente dirixidas ao alumnado que por razóns persoais, socio- económicas ou xeográficas requiran de medidas de apoio educativo promovendo actividades adaptadas ás distintas circunstancias persoais do alumno ou alumna, tal e como indica a Concellería de Educación e a Inspección Educativa.

En consecuencia se preveen as seguintes medidas:

- Axustar o grado de complexidade das actividades ás necesidades individuais de xeito que se evite a desmotivación ao ser demasiado doadas ou difíciles, facendo uso das potencialidades do alumno ou alumna en cuestión, así como do uso de metodoloxías colaborativas con outros ou outras compañeiras onde unha tarefa poda ser resolta con distintos grados de execución. (traballos grupais, por parellas, etc). Con traballos individualizados.
- Preparar actividades de ampliación referidas a contidos considerados de ampliación para o alumnado que poda avanzar máis rapidamente ou que o fai con menos necesidade de axuda e que en calquera dos casos poda profundizar nos contidos a través dun traballo máis autónomo. Con actividades voluntarias de reforzo e ampliación.
- Crear ambientes de traballo que favorezan a autonomía e o traballo colaborativo de forma que a docente poda ir axustando a actividade e proporcionar un tipo de axuda máis convinte en cada caso. A través de actividades abertas no foro.
- Agrupamentos flexibles no grupo de traballo que permitan que o alumnado tome distintos roles e se adapten aos ritmos de aprendizaxe individuais. A través de proposta de tarefas que se desenvolvan por parellas ou por grupos.
- Manter unha estreita colaboración co departamento de orientación do centro e cos membros do equipo educativo para tratar calquera situación que poda requirilo.
- Adaptar e adecuar as actividades formativas, criterios e procedementos de avaliación ás características do alumnado sempre e cando esta adaptación non supoña a supresión de resultados de aprendizaxe mínimos ou obxectivos xerais do ciclo relacionados cos contidos impartidos na aula.

Polo tanto as medidas a adoptar poderán incluír:

- Variacións nos tempos de execución e entrega das actividades e tarefas.
- Agrupacións flexibles.
- Propostas de proxectos intermodulares para optimizar os esforzos.
- Aumento ou repeticións das prácticas.
- Actividades alternativas de recuperación, reforzo, ampliación ou profundización.
- Adaptacións e flexibilizacións nas vías e formas de entrega dos traballos e tarefas. Coa utilización de distintas plataformas (Google Drive, Aula Virtual,...) e formatos (JPG, DOC, PDF, MP4...)



En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada persoa, polo que en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo docente e do departamento de información e orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Considérase fundamental indagar en maior medida na formación actitudinal do alumnado, co obxectivo non só de mellorar a súa capacitación profesional se non tamén de fomentar a conciencia crítica que lle permita participar con plena liberdade na sociedade que o rodea. A este respecto, a lexislación vixente establece entre os fins da educación a formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara os seres vivos e o medio ambiente. En consecuencia, ademais de abordar os contidos referidos as actitudes, contemplados no currículo, a programación abordará de xeito transversal temáticas relacionadas coa educación en valores, especialmente coa educación cívica, incluíndo en todas as unidades un obxectivo referido ao fomento no alumnado dun comportamento responsable, autónomo, participativo, socialmente habilidoso e respectuoso co medio. Se tratará dun modo integral ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe, promovendo que o alumnado sexa capaz de actuar con criterio propio, contribuíndo á paz e á democracia e mantendo actitudes construtivas, solidarias e responsables ante os dereitos e obrigas cidadáns. Ademais ao longo do módulo abordaranse actividades relacionadas expresamente coa Educación para a paz e a resolución de conflitos de maneira non violenta.

Ó ser un aspecto de carácter transversal está reflectido recollido a través das competencias a adquirir, que se desenvolven a través das actividades propostas en cada unidade didáctica.

Ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo na aula, para este módulo podemos destacar:

- Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
- Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
- Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiáns do seu emprego.
- Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
- Educación do consumidor/a: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres, ...)
- Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

Os temas transversais serán abordados a medida que se expoñan o resto de contidos específicos do módulo, estando presentes de xeito continuo nos trocos comunicativos e nos traballos realizados. A profesora estará pendente de que se adquiran as actitudes axeitadas para desenvolverse nun entorno social e comunitario onde os valores como o respecto, capacidade para traballar en equipo, a responsabilidade e ética profesional,, etc, son esixibles nos entornos laborais onde van a desenvolverse profesionalmente.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Trataremos de organizar diferentes actividades complementarias á formación para que o alumnado poida poñer en práctica os contidos do módulo.

Ao longo do ano e sempre en coordinación co resto de docentes do departamento faremos:

-Visitas a centros de atención a persoas en situación de dependencia: residencias, centros de día, asociacións.....

-Asistencia a charlas ou outras actividades relacionadas co módulo.

-Charlas informativas no centro educativo de persoas que pertencen ao ámbito profesional do ciclo formativo: profesionais, familiares e/ou usuarios.

-Colaboración nas actividades promovidas dende outros departamentos ou dirección do centro: Magosto, Samaín, 25 de Novembro, Antroido, Semana de animación á lectura...

-Colaboración con outros departamentos na organización de actividades, charlas, conmemoracións etc.

Todas estas actividades poderanse completar con aquelas que se consideren oportunas para o bo desenvolvemento do módulo.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Difusión

A programación será presentada e explicada ao alumnado ao inicio de curso. E o documento versión alumnado da programación do módulo onde se resume esta programación e se dan instrucións sobre o desenvolvemento do módulo estará a disposición do alumnado tanto na páxina web do instituto, (concretamente na aula virtual) baixo a responsabilidade da xefatura de estudos, así como na aula virtual.

Calquera dúbida que poida xurdir con respecto a esta temática, será abordada na aula para todo o grupo-clase.

### 10.2) Metodoloxía

A metodoloxía da formación profesional específica que tratará de xeito globalizado os contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos asociados ás súas ensinanzas, e integrará a teoría e a práctica, tal e como o indica o artigo 35 do Decreto 114/2010. Este punto do Decreto 114 tamén fai referencia á necesidade de prestar unha atención axeitada ás persoas con diversidade funcional, no que se refire a condicións de accesibilidade e recursos de apoio.

As unidades didácticas iniciaranse cun diálogo guiado pola profesora mediante unha serie de preguntas chave que teñen como obxectivo a identificación dos coñecementos e teorías implícitas do alumnado sobre o tema da unidade, así como a detección de ideas erróneas que poderían interferir na aprendizaxe dos novos coñecementos.

Tras este primeiro achegamento ao tema, a docente fará unha primeira introdución ó mesmo e explicará a metodoloxía a seguir en cada caso: exposición por parte do docente, traballos individuais ou grupais de investigación e busca documental, técnicas de traballo cooperativo que se van empregar,...

A participación activa do alumnado terá un papel moi importante na dinámica das clases, tanto individualmente como nos traballos grupais. Faise clave o traballo dende a significatividade e do traballo propio relacionado con aspectos procedimentais e actitudinais da futura profesión, incluíndo transversalmente en todas e cada unha das tarefas realizadas, a perspectiva de xénero.

Os principios metodolóxicos nos que se fundamenta esta programación didáctica poden resumirse en:

- Aprendizaxe significativa; tendo en conta os coñecementos previos, intereses e expectativas do alumnado.
- Adaptación ás características concretas do grupo-aula.
- Adaptación ao nivel de madurez da alumna ou alumno.
- Globalidade, poñendo en relación os diversos bloques temáticos.
- Fomento do traballo grupal, a través de agrupamentos flexibles en función da actividade a realizar.
- Fomento da autonomía, creatividade e a iniciativa.

\* As TICs: Emprego da aula virtual como plataforma de difusión de contidos e información sobre o módulo, como espazo para a realización de tarefas e como ferramenta de interacción (entre o alumnado e entre este e a docente).

### 10.3) Recursos

Para a impartición do módulo faise necesario contar co cañón, ordenadores para traballos individuais e en grupo, así como algún tipo de material funxible para a realización de actividades.